

A directora xerente de SEAGA, en virtude das facultades outorgadas polo Consello de Administración da empresa, e de conformidade co establecido no apartado 3 das bases xerais de 27 de abril de 2010 (D.O.G 28/04/2010) para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A., polo sistema de listas previas por categorías, ACORDA:

Primeiro.- Apertura do prazo de actualización de méritos por parte dos/as integrantes das listas previas e/ou, de ser o caso, dos/as novos/as candidatos/as a ser incluídos/as nas mesmas.

De acordo co disposto no apartado 2.1.10 das bases xerais para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. de 27 de abril de 2010 (D.O.G de 28/04/2010), apertúrase o prazo para a presentación da documentación correspondente á actualización de méritos por parte dos/as integrantes das listas previas relacionadas a continuación e/ou, de ser o caso, dos/as novos/as candidatos/as a ser incluídos/as nas mesmas:

- Enxeñería de Montes
- Enxeñería Agrónoma
- Enxeñería Técnica Forestal
- Enxeñería Técnica Agrícola
- Enxeñería de Camiños, Canles e Portos
- Enxeñería Técnica de Obras Públicas
- Arquitectura
- Arquitectura Técnica
- Capataz
- Xefe/a de Brigada
- Maquinista-condutor/a
- Peón Especialista
- Peón
- Oficial Administrativo/a
- Auxiliar Administrativo/a
- Dereito
- Biólóxía
- Técnicos/as de Laboratorio
- Titulado/a en Ciencias do Mar
- Económicas
- Ciencias Ambientais

Segundo.- Documentación a presentar polas persoas interesadas:

O proceso de cualificación dos novos/as candidatos/as, e actualización de méritos dos/as integrantes das listas previas, axustarase ao disposto nas bases xerais e bases específicas da correspondente convocatoria para cada categoría profesional:

- No caso de integrantes das listas previas que só desexen actualizar méritos, deberán achegar a documentación acreditativa dos mesmos que se axuste ao recollido nas bases específicas para a correspondente categoría profesional.
- No caso de novos/as candidatos/as, deberán achegar a documentación que para cada categoría profesional se recolle no apartado “Solicitudes” das correspondentes bases específicas.

A actualización dos méritos serán computables ata o día 30 de setembro do 2023.

No caso dos/as traballadores/as que prestan ou presten servizos en SEAGA a esa data, a actualización de méritos correspondentes aos períodos traballados nesta empresa efectuarase de oficio por parte de SEAGA.

Terceiro.- Presentación de renuncias e modificación de ámbitos e/ou perfís.

As persoas integrantes de algunha lista previa que non desexen seguir formando parte da mesma, poderán presentar renuncia escrita ante a Directora-Xerente de SEAGA, indicando a categoría profesional a que renuncian, no prazo e lugar os que se fai referencia nos apartados cuarto e quinto da presente resolución.

O mesmo prazo rexerá para os/as candidatos/as que figurando admitidos/as nalgunha lista previa desexen modificar o ámbito territorial ou perfil profesional.

Cuarto.- Lugares de presentación

As solicitudes ou actualización de méritos dirixiranse á Directora-Xerente de SEAGA, e a súa presentación poderase facer:

-Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, de luns a xoves en horario de 9:00 h a 14:00h e de 16:00 a 17:30h e os venres en horario de 9:00h a 14:00h.

- Nas oficinas de rexistro de SEAGA, de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas, sitas en:

-Estrada N. VI, Km 581, 15640 Guísamo-Bergondo

-Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003-Lugo

-Pol. San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1) Parcela 1-G Nave 3, 32911-San Cibrao das Viñas - Ourense

-Lugar Cabanas-Salcedo, nº 54, 36143-Pontevedra

- Nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía correo electrónico a seleccion@epseaga.com a acreditación de dita presentación, que comprende tanto o resguardo acreditativo do envío que se entrega o cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da solicitude ó proceso de selección)
- Electrónicamente, desde a sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal> empregando o modelo co código *PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado*. En destinatario deberá seleccionar Consellería do Medio Rural e a continuación Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA). Indicar que os documentos aportados por este medio deberán contar co correspondente código de verificación electrónica. No caso de que a documentación que se presente sexa un documento orixinal en papel ou que carece de sinatura electrónica e/ou validación electrónica, deberá presentarse nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia a efectos de acreditar que é copia electrónica auténtica do documento.

Quinto.- Prazo

O apartado 2.1.10 das bases xerais para a selección de persoal temporal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A establece o prazo de actualización de méritos por parte dos/as integrantes das listas ou des novos/as candidatos/as a ser incluídos/as dende o día 01 ata o 15 de outubro de cada ano. Non obstante, acórdase unha ampliación ata o 31 de outubro de 2023.

A Directora Xerente,

Asdo.-M^a Luisa Piñeiro Arcos

(na data e hora da sintatura dixital)